

Co motivo das eleccións galegas

EDUCO PIDE AOS PARTIDOS GALEGOS MEDIDAS URXENTES PARA MELLORAR A VIDA DA INFANCIA MAIS VULNERABLE

- **En Galicia, 93.000 nenos e nenas - 1 de cada 4 - viven en risco de pobreza ou exclusión.**
- **Acceso gratuíto ao comedor escolar para os máis vulnerables, formación para evitar a violencia cara á infancia ou máis prazas na etapa educativa de 0 a 3 anos son algunhas das propostas de Educo.**

6 de febreiro de 2024.- A Coruña

Con motivo das vindeiras eleccións galegas, a ONG de infancia Educo pide aos partidos políticos e ao próximo goberno que salga dos comicios un maior compromiso coa infancia. “Temos unha nova oportunidade para que a infancia estea no centro das decisións políticas. O máis urxente é **que se concreten accións para mellorar a vida dos máis vulnerables** e evitar que ninguén quede atrás”, afirma Mónica Viqueira, delegada de Educo en Galicia. Así mesmo, lembra que, no territorio galego, 1 de cada 4 menores de 18 anos (24,9%) viven en risco de pobreza ou exclusión; é dicir, 93.000 nenos, nenas e adolescentes.

Unha das preocupacións da ONG é o **acceso ao comedor escolar**. En Galicia, o 49% do alumnado de primaria asiste ao comedor da escola segundo datos do informe [Comedor escolar universal e gratuíto: un obxectivo alcanzable e urxente](#) de Educo. Con todo, quedan fóra nenos e nenas en situación de pobreza e vulnerabilidade. Nunha enquisa desenvolvida tamén por Educo revelou que o principal motivo que teñen as familias para non levar aos nenos e nenas ao comedor é o económico. “No comedor das escolas non só garántese a alimentación. É un espazo no que seguen aprendendo hábitos nutricionais e de saúde, no que se relacionan de maneira distinta cos seus compañeiros e compañeiras, xestionan os conflitos de maneira positiva ou deciden que queren facer no seu tempo. Non só iso, ir ao comedor reduciría o absentismo escolar. Sabemos que se os nenos e nenas van comer a casa e están sós porque a súa familia está a traballar ou buscando emprego, é máis

Le informamos de que sus datos son tratados, en su condición de responsable del tratamiento, por la Fundación Educación y Cooperación (Educo), domiciliada en C/ Guillem Tell, 47, 08006 Barcelona (contacto del DPO: dataprotection@educu.org), para gestionar su vinculación con nuestra entidad y ofrecerle información relacionada con su actividad. Ud. puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición u otros mediante correo electrónico a dataprotection@educu.org. Puede consultar la política de privacidad completa en <https://www.educo.org/politica-de-privacidad>. Si quiere dejar de recibir nuestros comunicados, puede enviar un correo a media@educu.org.

probable que non volvan a clase pola tarde. Por todo iso, debería ser universal e gratuíto para toda a infancia. Somos conscientes de que este obxectivo é difícil de conseguir a curto prazo. Con todo, si que cremos que **Galicia conta cun orzamento suficiente como para asegurar o acceso ao comedor de maneira gratuíta a todos os nenos e nenas en risco de pobreza e exclusión**” explica Viqueira. “Ademais, é importante unificar o sistema de axudas ao comedor entre aquelas cuxa xestión depende da administración autonómica e aquelas que dependen dos municipios. É dicir, atopámonos diferenzas substanciais. Varían os procesos e varían os requisitos, un exemplo son **os mínimos de renda esixidos, nalgúns casos estes non cobren nin o limiar de pobreza, o que trae consigo grandes diferenzas de acceso entre territorios**”

Outro dato que preocupa a Educo é o da violencia que sofre a infancia. **“Acabar con esta secuela é traballo de todos e todas, o que implica un compromiso real con esta loita, empezando por parte das administracións.** Sabemos que a sensibilización e a formación son claves para atallar esta problemática. É preciso que todos os profesionais que están en contacto coa infancia reciban formación para poder traballar na súa prevención e detección precoz.

Así mesmo, e xa no ámbito escolar, **reclamamos unha mellor implantación da figura do coordinador/a de benestar e protección nas escolas galegas.** Iso significa máis recursos, mais formación, mais tempo e mais apoio para que poidan desenvolver o seu traballo”, afirma a delegada de Educo en Galicia.

En canto ao primeiro ciclo de educación infantil, a ONG pide máis prazas gratuítas e que se teña en conta o criterio de renda para o acceso “Somos a Comunidade Autónoma coa taxa de escolarización máis alta de España de 0 a 2 anos, o 56%. Iso conseguiuase grazas a que as familias non tiñan que pagar por escolarizar aos seus fillos e fillas. Iso demostranos o interese que teñen de que os nenos e nenas vaian á escola en idades temperás, algo que se demostrou beneficioso para a súa futura formación. Con todo, **ata que non haxa prazas gratuítas para todo o mundo que as necesite, non conseguiremos que esta primeira etapa educativa sexa realmente equitativa**”, asegura Viqueira.

Le informamos de que sus datos son tratados, en su condición de responsable del tratamiento, por la Fundación Educación y Cooperación (Educo), domiciliada en C/ Guillem Tell, 47, 08006 Barcelona (contacto del DPO: dataprotection@educor.org), para gestionar su vinculación con nuestra entidad y ofrecerle información relacionada con su actividad. Ud. puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición u otros mediante correo electrónico a dataprotection@educor.org. Puede consultar la política de privacidad completa en <https://www.educor.org/politica-de-privacidad>. Si quiere dejar de recibir nuestros comunicados, puede enviar un correo a media@educor.org.

Por, último, Educo, organización con larga traxectoria de traballo na cooperación ao desenvolvemento e a acción humanitaria, quere tamén poñer o foco neste eido.

Por primeira vez en décadas, a taxa de pobreza mundial aumentou e millóns de persoas recaeron na pobreza extrema. **A pandemia e as crises concatenadas xeraron unha onda global de desemprego, vulnerabilidades sociais e económicas adicionais que afectan sobre todo a quen xa se atopa en situacións de risco.** Facer fronte aos actuais retos do desenvolvemento sostible esixe contar cunha cidadanía solidaria e cun coñecemento crítico da realidade comprometida, activa e implicada nos cambios sociais.

Para isto, a cooperación descentralizada é moi importante, por eso dende Educo se solicita **garantir o crecemento anual dos orzamentos adicados á cooperación internacional** da Xunta de Galicia segundo o recollido no V Plan Director da Cooperación Galega, aplicando **un 3% destes a actividades para a educación para a cidadanía global** e un **10% a aumentar a inversión en educación en emerxencias.**

Sobre Educo:

Desde hai máis de 30 anos, Educo traballa na defensa dos dereitos da infancia; especialmente o seu dereito para recibir unha educación de calidade. Actualmente levamos a cabo máis de 200 proxectos en 18 países nos que participan 1 millón de nenos, nenas, adolescentes e novas. Formamos parte da alianza internacional ChildFund, que conta con 11 organizacións internacionais e que está presente en 70 países, onde dá apoio a 36 millóns de nenos e nenas e as súas familias.

Prensa

www.educo.org

**Más información: Tel. 600 42 82 40 (Conchi Urigüen)
607 166 927 (Mónica Viqueira)**